

# LEI ORGÁNICA 1/1990, DO 3 DE OUTUBRO, DE ORDENACIÓN XERAL DO SISTEMA EDUCATIVO.

(BOE do 4 de outubro de 1990)

Os sistemas educativos desempeñan funcións esenciais para a vida dos individuos e das sociedades. As posibilidades de desenvolvemento harmónico duns e outras aséntanse na educación que aqueles proporcionan.

O obxectivo primeiro e fundamental da educación é o de proporcionar ós nenos e ás nenas, ós xoves de un e outro sexo, unha formación plena que lles permita conformar a súa propia e esencial identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á vez o coñecemento e a valoración ética e moral da mesma. Tal formación plena irá dirixida ó desenvolvemento da súa capacidade para exercer, de xeito crítico e nunha sociedade asioloxicamente plural, a liberdade, a tolerancia e a solidariedade.

Na educación transmítense e exercítanse os valores que fan posible a vida en sociedade, singularmente o respecto a tódolos dereitos e liberdades fundamentais, adquirense os hábitos de convivencia democrática e de respecto mutuo, prepárase para a participación responsable nas distintas actividades e instancias sociais. A madurez das sociedades derívase, en moi boa medida, da súa capacidade para integrar, a partir da educación e co concurso da mesma, as dimensións individual e comunitaria.

Da formación e instrucción que os sistemas educativos son capaces de proporcionar, da transmisión de coñecementos e saberes que aseguran, da cualificación de recursos humanos que acadan, depende a mellor adecuación da resposta ás crecentes e cambiantes necesidades colectivas.

A educación permite, en fin, avanzar na loita contra a discriminación e a desigualdade, sexan estas por razón de nacemento, raza, sexo, relixión ou opinión, teñan unha orixe familiar ou social; arrástranse tradicionalmente ou aparezan continuamente coa dinámica da sociedade.

Por todo isto, ó longo da historia, as distintas sociedades preocupáronse pola súa actividade educativa, sabedoras de que nela estaban prefigurando o seu futuro, o que en non poucas ocasións desembocou en sistemas de privilexio, pechados, elitistas e propagadores de ortodoxias excluíntes. Sen embargo, toda transformación, grande ou pequena, comprometida co progreso social veu acompañada, cando non precedida, dunha revitalización e impulso da educación, dunha esperanza confiada nas súas posibilidades transformadoras. A súa configuración como un dereito social

básico, a súa extensión a tódolos cidadáns, é unha das conquistas de máis fondo calado das sociedades modernas.

A nosa é unha sociedade en acelerado proceso de modernización que camiña, cada vez máis nidiamente, cara a un horizonte común para Europa. Cando se están incorporando ás escolas os cidadáns do próximo século, os países cos que tratamos de construí-lo proxecto europeo, que ofrecerá unha nova dimensión á nosa xuventude de hoxe, conceden unha gran relevancia á educación e á formación tratando de adaptalas á apertura do espacio individual, político, cultural e productivo, á maior rapidez e complexidade dos cambios de todo tipo, propiciando a súa prestación máis prolongada ó maior número de cidadáns, promovendo as melloras necesarias para garanti-la súa calidade. Poñendo en marcha, xa que logo, procesos de reforma dos seus respectivos sistemas.

Esta mesma necesidade de adaptación deixouse sentir con forza no noso país, e a sociedade española no seu conxunto, e de xeito máis perfilado a comunidade educativa, pronunciouse favorablemente por unha reforma profunda do noso sistema educativo.

O deseño do actualmente vixente procede de 1970. Nestas dúas décadas, vividas xa na súa maior parte en democracia, a educación española coñeceu un notable impulso, deixou definitivamente atrás as carencias lacerantes do pasado. Acadouse a escolarización total na educación xeral básica, creándose para isto un gran número de postos escolares e mellorando as condicións doutros xa existentes, incrementouse notablemente a escolarización en tódolos niveis non obrigatorios, producíronse importantes avances na igualdade de oportunidades, tanto mediante o aumento de bolsas e axudas como creando centros e postos escolares en zonas anteriormente carentes deles, producíronse diversas adaptacións dos contidos e das materias.

As condicións profesionais nas que exerce a súa función o profesorado difiren, cualitativamente, das entón imperantes.

A aplicación dos mecanismos políticos e xurídicos propios da transición permitiu supera-los residuos autoritarios subsistentes na norma aprobada en 1970 e abri-lo sistema educativo á nova dinámica xerada en diversos campos, moi singularmente á derivada da nova estrutura autonómica do Estado, que recolle na súa diversidade a existencia de Comunidades Autónomas con características específicas e, nalgúns casos, con linguas propias que constitúen un patrimonio cultural común.

No plano normativo, procedeuse coa Lei de Reforma Universitaria á reforma da ensinanza universitaria. A Lei Orgánica do Dereito á Educación, que derogou a Lei

Orgánica do Estatuto de Centros Escolares, regulou o exercicio simultáneo dos diversos dereitos e liberdades relacionados coa educación, desenvolvendo o mandato constitucional do dereito á mesma a través da programación da ensinanza.

Non se abordara, sen embargo, a reforma global que ordenase o conxunto do sistema, que o adaptase na súa estrutura e funcionamento ás grandes transformacións producidas nestes últimos vinte anos. Neste período da nosa historia recente aceleráronse os cambios no noso contorno cultural, tecnolóxico e productivo, e a sociedade española, organizada democraticamente na Constitución de 1978, acadou a súa plena integración nas Comunidades Europeas.

A Constitución atribuíu a tódolos españois o dereito á educación. Garantiu as liberdades de ensinanza, de cátedra e de creación de centros, así como o dereito a recibir formación relixiosa e moral de acordo coas propias conviccións. Recoñeceu a participación de pais, profesores e alumnos no control e xestión dos centros sostidos con fondos públicos. A Constitución encomendou ós poderes públicos que promovan as condicións e removan os obstáculos para que o dereito á educación sexa disfrutado en condicións de liberdade e igualdade, estableceu o carácter obrigatorio e gratuíto da educación básica e redistribuíu territorialmente o exercicio das competencias nesta materia. Todos estes eixes, así como a capacidade de responder ás aspiracións educativas da sociedade, conformarán o novo sistema educativo.

A extensión da educación á totalidade da poboación no seu nivel básico, as maiores posibilidades de acceso ós demais tramos daquela, engadidas ó crecemento das esixencias formativas do contorno social e productivo, avivaron a lexítima aspiración dos españois a obter unha máis prolongada e unha mellor educación.

A progresiva integración da nosa sociedade no marco comunitario sitúanos ante un horizonte de competitividade, mobilidade e libre circulación, nunha dimensión formativa, que require que os nosos estudos e titulacións se atean a referencias compartidas e sexan homologables no ámbito da Comunidade Europea, a fin de non compromete-las posibilidades dos nosos cidadáns actuais e futuros.

O dominio, en fin, do acelerado cambio dos coñecementos e dos procesos culturais e productivos require unha formación básica máis prolongada, máis versátil, capaz de adaptarse a novas situacións mediante un proceso de educación permanente, capaz de responder ás necesidades específicas de cada cidadán co obxecto de que poida acadalo máximo desenvolvemento posible.

Todas estas transformacións constitúen de por si razóns máis profundas a favor da reforma do sistema educativo, para que este sexa capaz non só de adaptarse ás que

xa se produciron, senón de prepararse para as que se aveciñan, contando cunha mellor estrutura, con mellores instrumentos cualitativos e cunha concepción máis participativa e de adaptación ó contorno.

Pero postularían tamén con forza, pola reforma, a necesidade de dar correcta solución a problemas estruturais e especificamente educativos, erros de concepción, insuficiencias e disfuncionalidades que se viñeron manifestando ou aguzando co transcurso do tempo.

Tales son, por citar algúns, a carencia de configuración educativa do tramo previo ó da escolaridade obrigatoria; o desfase entre a conclusión deste e a idade mínima laboral; a existencia dunha dobre titulación ó remate da educación xeral básica que, amais de resultar discriminatoria, posibilita o acceso á formación profesional a quen non remate positivamente aquela; a configuración desta formación profesional como unha vía secundaria, mais, ó mesmo tempo, demasiado académica e excesivamente desvinculada e afastada do mundo productivo; o deseño exclusivamente propedéutico do bacharelato, practicamente orientado como unha etapa cara á universidade; o relativo desaxuste no acceso a esta última entre as características da demanda e as condicións da oferta no ámbito da autonomía universitaria.

Aínda que, por todo iso, a reforma viña sendo considerada e reclamada como necesaria, razóns de distinto tipo avogaron porque se abordase de forma serena, madura e reflexiva. A experiencia comparada dos países máis avanzados do noso contorno ensínanos que os cambios relevantes requiren amplos períodos de maduración e de consenso na comunidade educativa e no conxunto social. Isto é aínda máis certo cando non se trata de implantar estruturas efémeras, senón de senta-las bases que poidan sosterse con firmeza ó longo das décadas. Por estas razóns son sempre amplos os calendarios de aplicación de tales reformas.

A mesma análise comparada móstranos igualmente o alto risco de erro e ineficacia que ameaza ás reformas emprendidas a partir do mero deseño teórico, abstracto e conceptual. O noso propio pasado está cheo de cambios que foron concibidos coa mellor intención, que contaron co respaldo dunha sólida bagaxe intelectual, pero que nunca puideron enfiarse coa realidade que pretendían modificar pois, a forza de perfila-lo modelo ideal perseguido, só tomaron en conta esa realidade como rexeitamento e non como inevitable punto de partida. A experimentación previa, como proceso de análise e validación dos cambios que se entendían desexables, foi francamente insólita ó longo da nosa historia educativa.

O convencemento de que dunha reforma deste tipo, con vontade de ordena-la educación española ata ben entrado o vindeiro século, non se poderían colleitar tódolos seus froitos máis que apoiándoa nun amplo consenso, aconsellaba, en fin,

que se propiciara o maior debate posible acerca dela mesma, tratando de construír sobre este un acordo esencial e duradeiro sobre os seus obxectivos fundamentais.

Todo iso conduciu a que se emprendera primeiro un rigoroso proceso de experimentación e a que se posibilitara despois unha reflexión profunda no seo da comunidade educativa e no conxunto da sociedade. Ó longo dos últimos anos, tanto no ámbito xestionado de maneira directa polo Ministerio de Educación e Ciencia como nos das Comunidades Autónomas con competencia plena, leváronse a cabo, con distinta énfase e profundidade, mais co mesmo proveito e utilidade, diferentes experiencias de innovacións metodolóxicas e cambios curriculares que abarcaron os tramos da educación infantil, do ciclo superior de ensinanza xeral básica e das ensinanzas medias. A revisión crítica e analítica de tales experiencias permitiu entender con maior precisión os efectos reais que produciría a súa eventual extensión.

Co obxecto de animar un amplo debate, o Goberno presentou o "Proxecto para a Reforma da Ensinanza. Proposta para debate", no 1987, completándoo no 1988 cun documento específico acerca da formación profesional. Sobre a oferta inicial que contiñan, sobre as cuestións distintas que se formulaban, pronunciáronse ó longo de case dous anos as Administracións Públicas, as organizacións patronais e sindicais, colectivos e entidades profesionais, centros educativos, expertos recoñecidos e personalidades con experiencia, forzas políticas, institucións relixiosas e, fundamentalmente, os distintos sectores da comunidade educativa.

As moi numerosas e diversas aportacións axudaron a comprender mellor a complexidade da reforma e subliñaron, ó mesmo tempo, que esta debía emprenderse de maneira inevitable. A partir dunha amplísima coincidencia nos obxectivos esenciais, constatando un apoio moi xeral ós cambios máis significativos que debían introducirse, incorporando non poucas aportacións expresadas con fundamento que fixeron variar ou modula-las proposicións orixinais, o Goberno presentou no 1989 o Libro Branco para a Reforma do Sistema Educativo.

O Libro Branco non só contén a proposta de reforma, perfilada xa de xeito definitivo, senón que incorpora un arduo traballo de planificación e programación levado a cabo sincronicamente co debate e axustado finalmente ó resultado do mesmo. O esforzo realizado ofrece un coñecemento moi detallado da realidade educativa da que partimos e haberá de permitir unha gran precisión na introducción dos cambios necesarios para melloralala nos termos da reforma. O Libro Branco propón igualmente un amplo e prudente calendario para a súa aplicación e reflexa en termos económicos o custo previsto para a súa implantación.

A Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo dá forma xurídica á proposta e convértese no instrumento esencial da reforma. Coa consecución de obxectivos tan

fundamentais como a ampliación da educación básica, levándoa ata os dezaseis anos, idade mínima legal de incorporación ó traballo, en condicións de obrigatoriedade e gratuidade; coa reordenación do sistema educativo establecendo no seu réxime xeral as etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria -que comprenderá a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional de grao medio-, a formación profesional de grao superior e a educación universitaria; coa prestación a tódolos españois dunha ensinanza secundaria; coa reforma profunda da formación profesional e coa mellora da calidade da ensinanza, esta Lei trata non só de supera-las deficiencias do pasado e do presente, senón, sobre todo, de dar resposta adecuada e ambiciosa ás esixencias do presente e do futuro.

Nesa sociedade do futuro, configurada progresivamente como unha sociedade do saber, a educación compartirá con outras instancias sociais a transmisión de información e coñecementos, mais adquirirá aínda maior relevancia a súa capacidade para ordenalos criticamente, para darlles un sentido persoal e moral, para xerar actitudes e hábitos individuais e colectivos, para desenvolver aptitudes, para preservar na súa esencia, adaptándoos ás situacións emerxentes, os valores cos que nos identificamos individual e colectivamente.

Eses serán os fins que orientarán o sistema educativo español, de acordo co título preliminar desta Lei, e no alcance dos mesmos a educación pode e debe converterse nun elemento decisivo para a superación dos estereotipos sociais asimilados á diferenciación por sexos, principiando pola propia construción e uso da linguaxe.

O dereito á educación é un dereito de carácter social. Reclama, por tanto, dos poderes públicos as accións positivas necesarias para o seu efectivo disfrute. É un dereito susceptible de enriquecerse na súa progresiva concreción, acadando así a máis cidadáns e ofrecéndolles unha maior extensión formativa. No Título Preliminar concrétese a ensinanza básica contemplada no artigo 27.4 da Constitución, determinándose en dez anos a súa duración, ampliándose, por iso, en dous anos a existente ata agora, e estendéndose desde os seis ata os dezaseis anos. O compromiso para satisfacer a demanda escolar na educación infantil contribúe igualmente a completa-lo disfrute dese dereito.

A igualdade de tódolos españois ante o contido esencial do referido dereito, a necesidade de que os estudos que conducen á obtención de títulos académicos e profesionais de validez xeral se atean a uns requisitos mínimos e preestablecidos, xustifican que a formación de tódolos alumnos teñan un contido común, e para garantilo atribúese ó Goberno a fixación das ensinanzas mínimas que constitúen os aspectos básicos do currículo. Á súa vez, as Administracións educativas competentes, respectando tales ensinanzas mínimas, establecerán o currículo dos distintos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo. A lei atopa

o seu fundamento na igualdade ante o contido esencial do dereito á educación, así como nas competencias que a Constitución Española atribúe ó Estado, singularmente nos apartados 1.1, 1.18 e 1.30 do artigo 149 da mesma.

Igualmente favorece e posibilita, con idéntico respecto ás competencias autonómicas, un amplo e rico exercicio das mesmas.

A vertixinosa rapidez dos cambios cultural, tecnolóxico e productivo sitúanos ante un horizonte de frecuentes readaptacións, actualizacións e novas cualificacións. A educación e a formación adquirirán unha dimensión máis completa da que tiveron tradicionalmente, transcenderán o período vital ó que ata agora estiveron circunscritas, estenderanse a sectores con experiencia activa previa, alternaranse coa actividade laboral. A educación será permanente, e así o proclama a lei ó determinar que ese será o principio básico do sistema educativo.

Esa mesma perspectiva pronúnciase a favor de que se proporcione unha formación máis ampla, máis xeral e máis versátil, unha base máis firme sobre a que asenta-las futuras adaptacións. A Lei garante un período formativo común de dez anos, que abarca tanto a educación primaria como a educación secundaria obrigatoria, reguladas no capítulo segundo do Título Primeiro e na sección primeira do capítulo terceiro do mesmo título, respectivamente. Ó longo da educación básica, que comprende a ámbalas dúas, os nenos e nenas, os xoves españois sen discriminación de sexo, desenvolverán unha autonomía persoal que lles permitirá operar no seu propio medio, adquirirán as aprendizaxes de carácter básico, e prepararanse para incorporarse á vida activa ou para acceder a unha educación posterior na formación profesional de grao medio ou no bacharelato. Co apropiado coñecemento do conxunto de principios e valores que contén a nosa Constitución, así como da estrutura institucional da nosa sociedade, recibirán a formación que lles capacite para asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos como cidadáns.

Este período formativo común a tódolos españois organizarase de maneira comprensiva, compatible cunha progresiva diversificación. Na ensinanza secundaria obrigatoria, tal diversificación será crecente, o que permitirá acoller mellor os intereses diferenciados dos alumnos, adaptándose ó mesmo tempo á pluralidade das súas necesidades e aptitudes, co fin de posibilitarlles que acaden os obxectivos comúns desta etapa.

O establecemento dunha diversidade de modalidades, Artes, Ciencias da Natureza e da Saúde, Humanidades e Ciencias Sociais, Tecnoloxía, caracteriza á nova regulación do bacharelato, ó que se accede tras catro anos de educación secundaria e que preparará para a vida activa ou para continuar estudos posteriores, sexan estes os de formación de grao superior ou os universitarios.

Para acceder á universidade será necesario superar unha proba de acceso que valorará, con carácter obxectivo, a madurez académica do alumno e os coñecementos adquiridos no bacharelato.

A Lei acomete unha reforma profunda da formación profesional no capítulo cuarto do Título Primeiro, consciente de que se trata dun dos problemas do sistema educativo vixente ata agora que precisan dunha solución máis profunda e urxente, e de que é un ámbito da maior relevancia para o futuro do noso sistema productivo.

Comprenderá esta, tanto a formación profesional de base, que se adquirirá por tódolos alumnos na educación secundaria, como a formación profesional específica, que se organizará en ciclos formativos de grao medio e de grao superior. Para o acceso ós de grao medio será necesario ter completada a educación básica a estar, por tanto, en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria, idéntico requisito ó que permitirá o acceso ó bacharelato.

Desaparecen así a dobre titulación ata agora existente ó remata-la E.X.B. e, por tanto, a diferenza de posibilidades de continuación de estudos e os seus efectos negativos sobre a formación profesional. Para o acceso á formación profesional de grao superior será necesario estar en posesión do título de Bacharel. No deseño e planificación dos ciclos formativos, que incluírán unha fase de formación práctica nos centros de traballo, fomentárase a participación dos axentes sociais.

A Lei aborda, por primeira vez no contexto dunha reforma do sistema educativo, unha regulación extensa das ensinanzas da música e da danza, da arte dramática e das artes plásticas e de deseño, atendendo ó crecente interese social polas mesmas, manifestado singularmente polo incremento notabilísimo da súa demanda. Diversas razóns aconsellan que estean conectadas coa estrutura xeral do sistema e que, á vez, se organicen coa flexibilidade e especificidade necesarias para atender ás súas propias peculiaridades e proporcionar distintos graos profesionais, acadando titulacións equivalentes ás universitarias que, no caso da música e as artes escénicas, que comprenden a danza e a arte dramática, o serán á de Licenciado.

Asegura-la calidade de ensinanza é un dos retos fundamentais da educación do futuro. Por iso, lograla é un obxectivo de primeira orde para todo o proceso de reforma e pedra de toque da capacidade desta para levar á práctica transformacións substanciais, decisivas, da realidade educativa.

A consecución da antedita calidade resulta, en boa medida, de múltiples elementos sociais e compromete á vez ós distintos protagonistas directos da educación. A modernización dos centros educativos, incorporando os avances que se producen no

seu contorno, a consideración social da importancia da función docente, a valoración e atención ó seu coidado, a participación activa de tódolos suxeitos da comunidade educativa, a relación fructífera co seu medio natural e comunitario, son, entre outros, elementos que coadxuvan a mellorar esa calidade.

Mais hai todo un conxunto de factores estrictamente educativos dos que as melloras conflúen nunha ensinanza cualitativamente mellor. A lei recólleos e regúlaos no seu Título Cuarto e detense especificamente na cualificación e formación do profesorado, a programación docente, os recursos educativos e a función directiva, a innovación e investigación educativa, a orientación educativa e profesional, a inspección educativa e a avaliación do sistema educativo.

A Lei considera a formación permanente do profesorado como un dereito e unha obriga do profesorado, así como unha responsabilidade das Administracións educativas. Desde esa concepción, e cos apoios precisos, abordarase a permanente adaptación do profesorado á renovación que require o carácter mutable, diversificado e complexo da educación do futuro.

Recoñece igualmente ós centros a autonomía pedagóxica que lles permita desenvolver a completa-lo currículo no marco da súa programación docente, á vez que propicia a configuración e exercicio da función directiva nos mesmos. Ás Administracións educativas corresponde o fomento da investigación e da innovación nos ámbitos curricular, metodolóxico, tecnolóxico, didáctico e organizativo. Inclúe, como parte da función docente, a titoría e a orientación e establece o dereito do alumnado a recibir esta nos campos psicopedagóxico e profesional. As Administracións públicas exercerán a función inspectora co obxecto de asesorar á comunidade educativa, colaborar na renovación do sistema educativo e participar na avaliación do mesmo, así como asegura-lo cumprimento da normativa vixente.

A Lei atribúe unha singular importancia á avaliación xeral do sistema educativo, creando para iso o Instituto Nacional de Calidade e Avaliación. A actividade avaliadora é fundamental para analizar en que medida os distintos elementos do sistema educativo están contribuíndo á consecución dos obxectivos previamente establecidos. Por iso, estenderase á actividade educativa en tódolos seus niveis, acadando a tódolos sectores que nela participan. Cunha estrutura descentralizada, na que os distintos ámbitos territoriais gozan dunha importante autonomía, é aínda máis fundamental contar cun instrumento que sirva para construír unha visión de conxunto e para proporcionar a todas e cada unha das instancias a información relevante e o apoio preciso para o mellor exercicio das súas funcións. En coherencia con iso, o Instituto Nacional de Calidade e Avaliación contará coa participación das Comunidades Autónomas.

A extensión do dereito á educación e o seu exercicio por un maior número de españois en condicións homoxeneamente crecentes de calidade son, en si mesmos, os mellores instrumentos para loitar contra a desigualdade. Mais a lei, ademais de conter ó longo do seu articulado numerosas previsións igualmente útiles para iso, dedica especificamente o seu Título Quinto á compensación das desigualdades na educación. A través das accións e medidas de carácter compensatorio, da oferta suficiente de prazas escolares na ensinanza postobrigatoria, da política de bolsas e axudas ó estudo que asegure que o acceso ó mesmo estea só en función da capacidade e rendemento do alumno, o sistema educativo contribuirá á redución da inxusta desigualdade social. Pero, ademais, o desenvolvemento dunha política para as persoas adultas, conectada tamén co principio da educación permanente, e o tratamento integrador da educación especial, serán elementos relevantes para evita-la discriminación.

Estes son os aspectos fundamentais da Lei, que contempla, ademais, numerosas revisións relativas ás equivalencias e adaptacións dos títulos actualmente existentes, á modificación dalgúns apartados da Lei Orgánica do Dereito á Educación referidos a centros docentes, ás adaptacións dos actuais centros, á atribución a corpos docentes da impartición de ensinanzas en réxime especial, así como ás condicións básicas para o ingreso nos mesmos e a mobilidade do profesorado, ás competencias e cooperación dos municipios e outras disposicións que determinan os réximes transitorios de centros e de docentes.

A Lei, que orienta o sistema educativo ó respecto de todos e cada un dos dereitos e liberdades establecidos pola nosa Constitución e ó pleno desenvolvemento da personalidade do alumno, establece entre as súas disposicións que a ensinanza da relixión se garantirá no respecto ós acordos subscritos entre o Estado Español e a Santa Sé, así como coas outras confesións relixiosas.

A Lei recolle entre as súas previsións as bases do Réxime Estatutario dos Funcionarios Públicos Docentes, establecendo o marco para a ordenación polas Comunidades Autónomas da súa función pública docente, e asegura os dereitos dos funcionarios con independencia da súa Administración de procedencia.

Atendendo á conveniencia de que, unha vez fixado o horizonte ó aspiramos, procedamos a acadalo dun xeito progresivo e escalonado, dando tempo e ocasión á realidade de que partimos para que vaia integrando os cambios que a van transformando, a lei determina para a aplicación total da reforma un calendario temporal de dez anos. Un período realista e prudente que permitirá, ademais, avaliar progresivamente os efectos de tal aplicación.

A implantación da reforma, ó longo dun proceso prolongado, resalta a conveniencia de asegurar un amplo compromiso que asegure que vai contar cos medios suficientes e necesarios para a súa efectiva posta en práctica. Un compromiso político e social que debe construírse sobre a base da planificación realizada, contida na memoria económica que acompaña ó texto normativo, e que se manifestará nas sucesivas leis orzamentarias.

A Lei é un instrumento imprescindible e decisivo para a reforma, sen o que esta non sería posible nos seus elementos esenciais. Mais non é nin o comezo nin o remate da mesma. Os cambios introducidos nos anos recentes, que estiveron ligados pola lóxica que guía a reforma, non só contribuíron a preparala, senón que xa forman parte dela. Con frecuencia caeuse na tentación de considera-las normas legais como actos paradigmáticos nos que se resolvían as propias transformacións da realidade. Non foi este o caso. A Lei contén a suficiente flexibilidade como para aspirar a servir de marco á educación española durante un longo período de tempo, sendo capaz de asimilar nas súas estruturas as reorientacións que poida aconsella-la cambiante realidade do futuro.

Pola mesma razón, a reforma será un proceso continuo, unha permanente posta en práctica das innovacións e dos medios que permitan á educación acadar fins que a sociedade lle encomenda. Por iso, estamos ante unha Lei cun nivel de ductilidade suficiente para asegura-lo marco preciso e a orientación axeitada, mais tamén para permitir posibles adaptacións e desenvolvementos ulteriores. Unha Lei que, en consecuencia, evitou a tentación da excesiva minuciosidade.

En favor desa mesma ductilidade pronunciase a propia estrutura autonómica do Estado. O seu desenvolvemento pleno require non só o exercicio simultáneo, e por tanto habitualmente compartido. Ás Comunidades Autónomas, tanto máis, e máis inmediatamente ás que teñen plenamente asumidas as súas competencias, correspóndelles, desde esta perspectiva, desempeñar un papel absolutamente decisivo na tarefa de completa-lo deseño e asegura-la posta en marcha efectiva da reforma. Nese mesmo horizonte, e atendendo a unha concepción educativa máis descentralizada e máis estreitamente relacionada co seu contorno máis próximo, as Administracións locais cobrarán maior relevancia.

A Lei refírese á Ordenación Xeral do Sistema Educativo, e, na provisión da educación como servicio público, integra tanto á ensinanza pública como á ensinanza privada e á ensinanza privada concertada. A reforma requirirá e asegurará a súa participación na necesaria programación da ensinanza.

Ningunha reforma consistente, tanto máis se trata da educativa, pode arraigar sen a activa participación social. Particularmente relevante para a consecución dos seus

obxectivos é a participación dos distintos sectores da comunidade educativa, singularmente dos pais, profesores e alumnos. Esta participación, consagrada pola nosa Constitución e garantida e regulada no noso ordenamento xurídico, verase fomentada no marco desta reforma, e recollerase nos distintos tramos e niveis do sistema educativo. A todos estes sectores correspóndelles igualmente aporta-lo esforzo necesario en beneficio da colectividade.

Con ese esforzo e apoio decidido lograrase situa-lo sistema educativo español no nivel de calidade que a nosa sociedade reclama e merece na perspectiva do século XXI e no marco dunha crecente dimensión europea.

## TITULO PRELIMINAR

### Artigo 1º.

1. O sistema educativo español, configurado de acordo cos principios e valores da Constitución, e asentado no respecto ós dereitos e liberdades recoñecidos nela e na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, orientarase á consecución dos seguintes fins previstos na dita lei:

- a) O pleno desenvolvemento da personalidade do alumno.
- b) A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- c) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
- d) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
- e) A formación no respecto da pluralidade lingüística cultural de España.
- f) A preparación para participar activamente na vida social e cultural.
- g) A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.

2. A ordenación xeral do sistema educativo axustarase ás normas contidas na presente Lei.

3. As Administracións educativas, no ámbito das súas competencias, axustarán a súa actuación ós principios constitucionais e garantirán o exercicio dos dereitos contidos na Constitución, na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, e na presente Lei.

### Artigo 2º.

1. O sistema educativo terá como principio básico a educación permanente. Para tal efecto, preparará ós alumnos para aprender por si mesmos e facilitará ás persoas adultas a súa incorporación ás distintas ensinanzas.

2. O sistema educativo organizarase en niveis, etapas, ciclos e graos de ensinanza de tal xeito que se asegure a transición entre os mesmos e, no seu caso, dentro de cada un deles.

3. A actividade educativa desenvolverase atendendo ós seguintes principios:

- a) A formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais dos alumnos en tódolos ámbitos da vida, persoal, familiar, social e profesional.
- b) A participación e colaboración dos pais ou tutores para contribuír á mellor consecución dos obxectivos educativos.
- c) A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminación e o respecto a tódalas culturas.
- d) O desenvolvemento das capacidades creativas e do espírito crítico.
- e) O fomento dos hábitos de comportamento democrático.
- f) A autonomía pedagóxica dos centros dentro dos límites establecidos polas leis, así como a actividade investigadora dos profesores a partir da práctica docente.
- g) A atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional.
- h) A metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- i) A avaliación dos procesos de ensinanza e aprendizaxe, dos centros docentes e dos diversos elementos do sistema.
- k) A relación co contorno social, económico e cultural.
- l) O desenvolvemento do espírito emprendedor. (*engadido por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*).

*Art. 3º. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 4º. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*

*Art. 5º. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*

*Art. 6º. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*

## TITULO PRIMEIRO

### DAS ENSINANZAS DE RÉXIME XERAL

#### CAPITULO PRIMEIRO

##### DA EDUCACIÓN INFANTIL

*Art. 7º. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*

*Art. 8º. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*

*Art. 9º. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 10. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 11. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

## CAPITULO SEGUNDO

### DA EDUCACIÓN PRIMARIA

*Art. 12. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 13. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 14. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 15. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 16. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

## CAPITULO TERCEIRO

### DA EDUCACIÓN SECUNDARIA

*Art. 17. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 18. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 19. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*

*Art. 20. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*

*Art. 21. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*

*Art. 22. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*

*Art. 23. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*

*Art. 24. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*

Sección segunda: Do bacharelato

*Art. 25. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 26. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 27. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 28. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 29. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

## CAPITULO CUARTO

Da formación profesional

Art. 30.

1. A formación profesional comprenderá o conxunto de ensinanzas que, dentro do sistema educativo e reguladas nesta Lei, capaciten para o desempeño cualificado das distintas profesións. Incluirá tamén aquelas outras accións que, dirixidas á formación continua nas empresas e á inserción e reinserción laboral dos traballadores, se desenvolvan na formación profesional ocupacional que se regulará pola súa normativa específica. As Administracións públicas garantirán a coordinación de ámbalas dúas ofertas de formación profesional.

2. A formación profesional, no ámbito do sistema educativo, ten como finalidade e preparación dos alumnos para a actividade nun campo profesional, proporcionándolles unha formación polivalente que lles permita adaptarse ás modificacións laborais que poidan producirse ó longo da súa vida. Incluirá tanto a formación profesional de base como a formación profesional específica de grao medio e de grao superior.

3. Na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato, tódolos alumnos recibirán unha formación básica de carácter profesional.

4. A formación profesional específica comprenderá un conxunto de ciclos cunha organización modular, de duración variable, constituídos por áreas de coñecemento teórico-prácticas en función dos diversos campos profesionais. Os ciclos formativos

corresponderanse co grao medio e grao superior ó que se refire o apartado 2 deste artigo.

5. A formación profesional específica facilitará a incorporación dos mozos á vida activa, contribuirá á formación permanente dos cidadáns e atenderá ás demandas de cualificación do sistema productivo.

Art. 31.1. Poderá cursar-la formación profesional específica de grao medio quen se ache en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria.

2. Para o acceso á formación profesional específica de grao superior será necesario estar en posesión do título de Bacharel.

3. Amais da titulación establecida para o acceso á formación profesional de grao superior, poderase incorporar nos correspondentes currículos deste grao a obrigación de ter cursado determinadas materias do bacharelato en concordancia cos estudos profesionais ós que se quere acceder.

4. Para quen cursara a formación profesional específica de grao medio e queira prosegui-los seus estudos, estableceranse as oportunas validacións entre as ensinanzas cursadas e as de bacharelato.

Art. 32. *Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

Art. 33.

1. Para impartir-la formación profesional específica esixiranse os mesmos requisitos de titulación que para a educación secundaria. En determinadas áreas ou materias, consideraranse outras titulacións relacionadas con elas. Para o profesorado de tales áreas ou materias poderá adaptarse en duración e contidos o curso a que se refire o artigo 24.2 desta Lei.

2. Para determinadas áreas ou materias poderase contratar, como profesores especialistas, atendendo á súa cualificación e ás necesidades do sistema, a profesionais que desenvolvan a súa actividade no ámbito laboral. Nos centros públicos, as Administracións educativas poderán establecer, con estes profesionais, contratos de carácter temporal e en réxime de dereito administrativo.

3. O profesorado ó que se refire o apartado anterior poderá impartir excepcionalmente ensinanza no bacharelato, en materias optativas relacionadas coa súa experiencia profesional, nas condicións que se establezan.

Art. 34.

1. No deseño e planificación da formación profesional específica fomentárase a participación dos axentes sociais. A súa programación terá en conta o contorno socioeconómico dos centros docentes en que se vaian impartir, así como as necesidades e posibilidades de desenvolvemento deste.

2. O currículo das ensinanzas de formación profesional específica incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da cal poderá quedar total ou parcialmente exento quen teña acreditado a experiencia profesional segundo se establece no apartado b) do artigo 32.2 desta lei. Con este fin, as Administracións educativas arbitrarán os medios necesarios para incorporar ás empresas e institucións ó desenvolvemento destas ensinanzas.

3. A metodoloxía didáctica da formación profesional específica promoverá a integración de contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos. Así mesmo, favorecerá no alumno a capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo.

4. Os estudos profesionais regulados na presente lei poderán realizarse nos centros ordinarios e en centros docentes específicos, sempre que reúnan os requisitos mínimos que se establezan, e que se referirán á titulación académica do profesorado, relación numérica alumno-profesor e instalacións docentes.

Art. 35.

1. O Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, establecerá os títulos correspondentes ós estudos de formación profesional, así como as ensinanzas mínimas de cada un deles. As ditas ensinanzas mínimas permitirán a adecuación destes estudos ás características socioeconómicas das diferentes Comunidades Autónomas.

2. Os alumnos que superen as ensinanzas de formación profesional específica de grao medio e de grao superior recibirán, respectivamente, o título de Técnico e Técnico Superior da correspondente profesión.

3. O título de Técnico, no caso de alumnos que cursaran a formación profesional específica de grao medio segundo o disposto no artigo 32.1, permitirá o acceso directo ás modalidades de bacharelato que se determinen, tendo en conta a súa relación cos estudos de formación profesional correspondente.

4. O título de Técnico Superior permitirá o acceso directo ós estudos universitarios que se determinen, tendo en conta a súa relación cos estudos de formación profesional correspondente.

## CAPITULO QUINTO

### Da educación especial

Art. 36. *Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

Art. 37. *Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

## TITULO SEGUNDO

### Das ensinanzas de réxime especial

## CAPITULO PRIMEIRO

### Das ensinanzas artísticas

Art. 38. As ensinanzas artísticas terán como finalidade proporcionar ós alumnos unha formación artística de calidade e garanti-la cualificación dos futuros profesionais da música, a danza, a arte dramática, as artes plásticas e o deseño.

#### Sección primeira: Da música e da danza

Art. 39.1. As ensinanzas de música e danza comprenderán tres graos:

- a) Grao elemental, que terá catro anos de duración.
- b) Grao medio, que se estruturará en tres ciclos de dous cursos académicos de duración cada un.
- c) Grao superior, que comprenderá un só ciclo do que se determinará a súa duración en función das características destas ensinanzas.

2. Os alumnos poderán, con carácter excepcional, e previa orientación do profesorado, matricularse en máis de un curso académico cando así o permita a súa capacidade de aprendizaxe.

3. *Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

4. Para o establecemento do currículo destas ensinanzas estarase ó disposto no artigo 4 desta Lei.

5. Con independencia do establecido nos apartados anteriores poderán cursarse en escolas específicas, sen limitación de idade, estudos de música ou de danza, que en ningún caso poderán conducir á obtención de títulos con validez académica e profesional, sendo a súa organización e estrutura diferentes ás establecidas nos ditos

apartados. Estas escolas regularanse regulamentariamente polas Administracións educativas.

Art. 40.1. Para o grao elemental das ensinanzas de música e danza poderán establecerse por parte das Administracións educativas criterios de ingreso que terán en conta, entre outras circunstancias a idade idónea para estas ensinanzas.

2. Para acceder ó grao medio das ensinanzas de música e danza será preciso superar unha proba específica de acceso. Poderá accederse igualmente a cada curso sen ter superado os anteriores sempre que a través dunha proba, o aspirante demostre te-los coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

3. Accederase ó grao superior das ensinanzas de música e danza se reúnen os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de Bacharel.

b) Ter aprobado os estudos correspondentes ó terceiro ciclo de grao medio.

c) Ter superado a proba específica de acceso que estableza o Goberno, na cal deberá demostra-lo aspirante os coñecementos e habilidades profesionais necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

4. Non obstante o previsto no apartado anterior, será posible acceder ó grao superior destas ensinanzas sen cumpri-los requisitos académicos establecidos sempre que o aspirante demostre ter tanto os coñecementos e aptitudes propios do grao medio como as habilidades específicas necesarias para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

Art. 41.1. As Administracións educativas facilitarán ó alumnado a posibilidade de cursar simultaneamente as ensinanzas de música ou danza e as de réxime xeral. Para este fin adoptaranse as oportunas medidas de coordinación respecto á organización e ordenación académica de ambos tipos de estudos, que incluírán, entre outras, as validacións e a creación de centros integrados.

2. Os alumnos que remataran o terceiro ciclo do grao medio das ensinanzas de música e danza obterán o título de Bacharel se superan as materias comúns do bacharelato e a correspondente Proba Xeral de bacharelato. (*Redacción segundo Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*).

Art. 42.1. Ó remate do grao elemental expedirase o correspondente certificado.

2. A superación do terceiro ciclo de grao medio de música e danza dará dereito ó título profesional da ensinanza correspondente.

3. Os que cursaran satisfactoriamente o grao superior das ditas ensinanzas terán dereito ó título superior na especialidade correspondente, que será equivalente, para tódolos efectos, ó título de Licenciado Universitario.

4. As Administracións educativas fomentarán convenios coas universidades a fin de facilita-la organización de estudos de terceiro ciclo destinados ós titulados superiores ós que se refire o apartado anterior.

#### Sección segunda: Da arte dramática

Art. 43.1. As ensinanzas de arte dramática comprenderán un só grao de carácter superior, de duración adaptada ás características destas ensinanzas. (*Redacción segundo Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*).

2. Poderán tamén establecerse ensinanzas de formación profesional específica relacionadas coa arte dramática.

3. Para o establecemento do currículo destas ensinanzas estarase ó disposto no artigo 4 desta Lei.

Art. 44.1. Para acceder ás ensinanzas de arte dramática será preciso:

- a) Estar en posesión do título de Bacharel.
- b) Ter superado a proba específica que para o efecto estableza o Goberno e que valorará a madurez, os coñecementos e as aptitudes necesarias para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.

2. Non obstante o previsto no apartado anterior, será posible acceder ó grao superior destas ensinanzas sen cumpri-los requisitos académicos establecidos, sempre que o aspirante demostre as habilidades específicas necesarias para cursalas con aproveitamento.

Art. 45.1. Os que superasen as ensinanzas de arte dramática terán dereito ó título Superior de Arte Dramática, equivalente, para tódolos efectos, ó título de Licenciado Universitario.

2. As Administracións educativas fomentarán convenios coas universidades a fin de facilita-la organización de estudos de terceiro ciclo destinados ós titulados superiores ós que se refire o apartado anterior.

#### Sección terceira: Das ensinanzas das artes plásticas e de deseño

Art. 46. As ensinanzas das artes plásticas e de deseño comprenderán estudos relacionados coas artes aplicadas, os oficios artísticos, o deseño das súas diversas modalidades e a conservación e restauración de bens culturais.

Art. 47. (*Redacción segundo Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*).

1. As ensinanzas de artes plásticas e deseño organizaranse en ciclos de formación específica, segundo o disposto para o efecto no capítulo cuarto do título primeiro da presente Lei, coas salvidades que se establecen nos artigos seguintes.

2. Os alumnos que superen os ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño de grao medio e de grao superior recibirán, respectivamente, o título de Técnico e Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño na especialidade correspondente.

3. O título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño permitirá o acceso directo á modalidade de Artes do bacharelato.

4. O título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño permitirá o acceso directo ós estudos universitarios que se determinen, tendo en conta a súa relación cos estudos de Artes Plásticas e Deseño correspondentes.

Art. 48.1. Para acceder ós ciclos de grao medio propios das ensinanzas de artes plásticas e deseño será necesario, amais de estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria, acredita-las aptitudes necesarias mediante a superación das probas que se establezan.

2. Poderán acceder ós ciclos de grao superior destas ensinanzas os que estean en posesión do título de Bacharelato e superen as probas que se establezan. Nas ditas probas deberán acreditarse as aptitudes necesarias para cursa-lo correspondente ciclo con aproveitamento. Estarán exentos destas probas os que cursaran no bacharelato determinadas materias concordantes cos estudos profesionais ós que se quere ingresar.

3. Non obstante o previsto nos apartados anteriores, será posible acceder ós graos medios e superior destas ensinanzas sen cumprilo requisitos académicos establecidos, sempre que o aspirante demostre ter tanto os coñecementos e aptitudes propios da etapa educativa anterior como as habilidades específicas necesarias para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes. Para acceder por esta vía a ciclos formativos de grao superior requirirase ter cumpridos os vinte anos de idade ou estar en posesión do título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño e ter dezaoito anos de idade, en ámbolos dous casos cumpridos no ano natural de realización da proba. (*Redacción segundo Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*).

4. Os ciclos formativos ós que se refire este artigo incluírán fases de formación práctica en empresas, estudos e talleres, así como a elaboración dos proxectos que se determinen.

Art. 49.1. Os estudos correspondentes á especialidade de Conservación e Restauración de Bens Culturais terán a consideración de estudos superiores. Os alumnos que superen os ditos estudos obterán o título de Conservación e Restauración de Bens Culturais, que será equivalente, para tódolos efectos ó título de Diplomado Universitario.

2. Terán a consideración de estudos superiores as ensinanzas de deseño que oportunamente se implanten. Ó remate dos ditos estudos outorgarase o título de Deseño na especialidade correspondente, que será equivalente, para tódolos efectos ó título de Diplomado Universitario.

3. Así mesmo poderanse establecer estudos superiores para aquelas ensinanzas profesionais de artes plásticas nos que o alcance, contido e características así o aconsellen.

4. Para o acceso ós estudos superiores ós que se refire este artigo requirirase estar en posesión do título de Bacharel e superar unha proba de acceso que establecerá o Goberno, na que se valorarán a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.

5. Para o establecemento do currículo destas ensinanzas estarase ó disposto no artigo 4 desta Lei.

## CAPÍTULO SEGUNDO

### Das ensinanzas de idiomas

Art. 50. *Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

## TÍTULO TERCEIRO

### Da educación das persoas adultas.

Art. 51. *Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

Art. 52. *Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 53. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

*Art. 54. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

## TITULO CUARTO

### Da calidade da ensinanza

*Art. 55. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

Art. 56.

1. A formación inicial do profesorado axustarase ás necesidades de titulación e de cualificación requiridas pola ordenación xeral do sistema educativo.

2. A formación permanente constitúe un dereito e unha obrigação de todo o profesorado e unha responsabilidade das Administracións educativas e dos propios centros. Periodicamente, o profesorado deberá realizar actividades de actualización científica, didáctica e profesional nos centros docentes, en institucións formativas específicas, nas universidades e, no caso do profesorado de formación profesional, tamén nas empresas.

3. As Administracións educativas planificarán as actividades necesarias de formación permanente do profesorado e garantirán unha oferta diversificada e gratuíta destas actividades. Estableceranse as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nestes programas.

Así mesmo, as ditas Administracións programarán plans especiais mediante acordos coas universidades para facilitar o acceso dos profesores e titulacións que permitan a mobilidade entre os distintos niveis educativos, incluídos os universitarios.

4. As Administracións educativas fomentarán:

- a) Os programas de formación permanente do profesorado.
- b) A creación de centros ou institutos para a formación permanente do profesorado.
- c) A colaboración coas universidades, a Administración local e outras institucións para a formación do profesorado.

*Art. 57. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro*

*Art. 58. Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

Art. 59.

1. As Administracións educativas fomentarán a investigación e favorecerán a elaboración de proxectos que inclúan innovacións curriculares, metodolóxicas, tecnolóxicas, didácticas e de organización dos centros docentes.

2. Corresponde ó Goberno fixa-los requisitos de acordo cos que poderán realizarse as experimentacións que afecten ás condicións de obtención de títulos académicos e profesionais. As ditas experimentacións requirirán, en todo caso, autorización expresa para os efectos da homologación dos títulos correspondentes.

Art. 60.1. A titoría e orientación dos alumnos formará parte da función docente. Corresponde ós centros educativos a coordinación destas actividades. Cada grupo de alumnos terá un profesor titor.

2. As Administracións educativas garantirán a orientación académica, psicopedagóxica e profesional dos alumnos, especialmente no que se refire ás distintas opcións educativas e á transición do sistema educativo ó mundo laboral, prestando singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios que condicionan o acceso ós diferentes estudos e profesións.

A coordinación das actividades de orientación levarase a cabo por profesionais coa debida preparación. Así mesmo, as Administracións educativas garantirán a relación entre estas actividades e as que desenvolvan as Administracións locais neste campo.

Art. 61.

1. As Administracións educativas exercerán a función inspectora para garanti-lo cumprimento das leis e a mellora da calidade do sistema educativo.

*2. Derogado por Disposición derogatoria única da Lei Orgánica 9/1955, de 20 de novembro, da Participación, a Avaliación e o Goberno dos Centros Docentes.*

*3. Derogado por Disposición derogatoria única da Lei Orgánica 9/1955, de 20 de novembro, da Participación, a Avaliación e o Goberno dos Centros Docentes.*

4. O Estado exercerá a alta inspección que lle corresponde a fin de garanti-lo cumprimento das obrigacións dos Poderes públicos en materia de educación.

Art. 62. *Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

## TITULO QUINTO

Da compensación das desigualdades na educación

Art. 63.1. Co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, os Poderes públicos desenvolverán as accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables e proverán os recursos económicos para iso.

2. As políticas de educación compensatoria reforzarán a acción do sistema educativo de forma que se eviten as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

3. O Estado e as Comunidades Autónomas fixarán os seus obxectivos prioritarios de educación compensatoria.

Art. 64. As Administracións educativas asegurarán unha actuación preventiva e compensatoria garantindo, se é o caso, as condicións máis favorables para a escolarización, durante a educación infantil, de tódolos nenos nos que as condicións persoais, pola procedencia dun medio familiar de baixo nivel de renda, pola súa orixe xeográfica, ou por calquera outra circunstancia, supoñan unha desigualdade inicial para acceder á educación obrigatoria e para progresar nos niveis posteriores.

Art. 65.1. No nivel de educación primaria, os Poderes públicos garantirán a tódolos alumnos un posto escolar gratuíto no seu propio municipio nos termos que resultan de aplicación da Lei Orgánica do Dereito á Educación.

2. Excepcionalmente na educación primaria, e na educación secundaria obrigatoria naquelas zonas rurais en que se considere aconsellable, poderase escolarizar ós nenos nun municipio próximo ó da súa residencia para garanti-la calidade da ensinanza. Neste suposto, as Administracións educativas prestarán de forma gratuíta os servicios escolares de transporte, comedor e, se é o caso, internado.

3. Sen prexuízo do disposto no capítulo quinto desta Lei, as Administracións educativas dotarán ós centros con alumnos que teñan especiais dificultades para acadalos obxectivos xerais da educación básica debido ás súas condicións sociais, dos recursos humanos e materiais necesarios para compensar esta situación. A organización e programación docente destes centros adaptárase ás necesidades específicas dos alumnos.

4. Co obxecto de asegura-la educación dos nenos, as Administracións públicas asumirán subsidiariamente o seu coidado e atención cando as familias se achen en situacións que lles impidan exercer-las súas responsabilidades.

Art. 66. *Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

Art. 67.1. O Estado, co fin de acadar os seus obxectivos en política de educación compensatoria, poderá propoñer ás Comunidades Autónomas programas específicos deste carácter, de acordo co previsto neste Título.

2. A realización destes programas de educación compensatoria efectuarase mediante convenio entre o Estado e as Comunidades Autónomas, ás que corresponderá a súa execución.

## DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.- O Goberno, previo informe das Comunidades Autónomas, aprobará o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, nos aspectos pendentes aínda de aplicación, que terá un ámbito temporal de catorce anos a partir da publicación da presente Lei. No dito calendario establecerase tamén a extinción gradual dos plans de estudo en vigor, a implantación dos novos currículos, así como as equivalencias para efectos académicos dos anos cursados segundo os plans de estudos que se extingan. O calendario de implantación do novo sistema educativo establecerá tamén o procedemento de adecuación dos concertos educativos vixentes ás novas ensinanzas, nos termos previstos na disposición transitoria terceira desta Lei.

Segunda.- *Derogada por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

Terceira.-

1. Os poderes públicos dotarán ó conxunto do sistema educativo dos recursos económicos necesarios para dar cumprimento ó establecido na presente Lei, co fin de garanti-la consecución dos obxectivos nela previstos.

Co obxecto de situar o noso sistema educativo no nivel que permita a súa plena homologación no contexto europeo, respondendo ás necesidades derivadas da mobilidade e o libre establecemento, o gasto público ó finaliza-lo proceso de aplicación da reforma será equiparable ó dos países comunitarios.

2. Os poderes públicos establecerán as necesidades educativas derivadas da aplicación da reforma, de xeito que se dea satisfacción á demanda social, coa participación dos sectores afectados.

3. Co fin de asegura-la necesaria calidade da ensinanza, as Administracións educativas proverán os recursos necesarios para garantir, no proceso de aplicación da presente Lei, a consecución dos seguintes obxectivos:

a) Un número máximo de alumnos por aula, que na ensinanza obrigatoria será de 25 para a educación primaria e de 30 para a educación secundaria obrigatoria.

- b) Unha oferta de actividades de formación permanente para que tódolos profesores poidan aplica-los cambios curriculares e as orientacións pedagóxicas e didácticas derivadas da aplicación e desenvolvemento da presente lei.
- c) A incorporación ós centros completos de educación obrigatoria de, polo menos, un profesor de apoio para atender ós alumnos que presenten problemas de aprendizaxe, e a creación de servicios para atende-las ditas necesidades nos centros incompletos.
- d) A inclusión nos plans institucionais de formación permanente do profesorado de licencias por estudio ou outras actividades para asegurar a tódolos profesores ó longo da súa vida profesional a posibilidade de acceder a períodos formativos fóra do centro escolar.
- e) A creación de servicios especializados de orientación educativa, psicopedagóxica e profesional que atendan ós centros que impartan ensinanzas de réxime xeral das reguladas na presente Lei.

4. O Ministro de Educación e Cultura presentará anualmente ante a Comisión de Educación e Cultura do Congreso dos Deputados e ante a Comisión de Educación, Universidades, Investigación e Cultura do Senado un informe co fin de que estas coñezan, debatan e avalíen o proceso de desenvolvemento da reforma educativa, así como a aplicación dos medios humanos e materiais precisos para a consecución dos seus obxectivos.

Cuarta.-1. O actual título de Graduado Escolar permitirá acceder ó segundo ciclo da enseñanza secundaria obrigatoria e terá os mesmos efectos profesionais que o título de Graduado en Educación Secundaria. Durante un prazo de cinco anos continuarán convocándose probas extraordinarias para a obtención do actual título de Graduado Escolar.

2. O actual título de Bacharel permitirá acceder ó segundo curso do novo bacharelato, en calquera das súas modalidades, e terá os mesmos efectos profesionais que o novo título de Bacharel.

3. O actual título de Técnico Auxiliar terá os mesmos efectos académicos que o título de Graduado en Educación Secundaria e os mesmos efectos profesionais que o novo título de Técnico na correspondente profesión.

4. O actual título de Técnico Especialista terá os mesmos efectos académicos e profesionais que o novo título de Técnico Superior na correspondente especialidade.

5. O Certificado de Aptitude Pedagóxica será equivalente ó título profesional ó que se refire o artigo 24.2. desta lei. Estarán exceptuados da esixencia deste título profesional os mestres e os licenciados en pedagogía. Así mesmo, o Goberno poderá

determina-las circunstancias nas que a experiencia previa se considerará equivalente á posesión de mencionado título profesional.

6. O Goberno regulará as correspondencias ou validacións entre os coñecementos adquiridos na formación profesional ocupacional e na práctica laboral e as ensinanzas de formación profesional ás que se refire a presente Lei.

7. O Goberno establecerá as equivalencias dos demais títulos afectados por esta Lei.

Quinta.- As referencias, contidas na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, ós actuais niveis educativos enténdense substituídas polas denominacións que, para os distintos niveis e etapas educativas e para os respectivos centros, se establecen nesta Lei.

Sexta.- Os artigos 11.2, 23 e 24 da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, quedan modificados nos termos seguintes:

"Artigo 11.2. A adaptación do preceptuado nesta Lei ós centros que impartan ensinanzas non comprendidas no apartado anterior, así como ós centros de educación infantil e ós centros integrados que abarquen dous ou máis das ensinanzas ás que se refire este artigo, efectuarase regulamentariamente.

Artigo 23. A apertura e funcionamento dos centros docentes privados que impartan ensinanzas, tanto de réxime xeral como de réxime especial, someteranse ó principio de autorización administrativa. A autorización concederase sempre que reúnan os requisitos mínimos que se establezan de acordo co disposto no artigo 14 desta lei. Estes centros gozarán de plenas facultades académicas. A autorización revogarase cando os centros deixen de reunir estes requisitos.

Artigo 24.1. Os centros privados que impartan ensinanzas que non conduzan á obtención dun título con validez académica quedarán sometidos ás normas de dereito común. Estes centros non poderán utilizar ningunha das denominacións establecidas para os centros docentes, nin calquera outra que puidera inducir a erro ou confusión con aquelas.

24.2. Por razóns de protección á infancia, os centros privados que acollen de xeito regular nenos de idades correspondentes á educación infantil quedarán sometidos ó principio de autorización administrativa á que se refire o artigo 23.

Sétima.- As Administracións competentes realizarán as transformacións que sexan necesarias, así como as adaptacións transitorias pertinentes para que os actuais centros públicos se axusten ó previsto nesta lei.

Oitava.-1. Os centros docentes privados de educación preescolar, de educación xeral básica e de formación profesional de primeiro grao que teñan autorización ou clasificación definitiva en virtude de normas anteriores a esta Lei, así como os centros docentes de bacharelato e de formación profesional de segundo grao clasificados como homologados, adquirirán automaticamente a condición de centros autorizados prevista na disposición adicional sexta desta Lei, para imparti-los correspondentes niveis educativos actuais ata a súa extinción.

2. En función da ordenación do sistema educativo establecida na presente lei, os centros privados autorizados, ós que se refire o apartado anterior, enténdense autorizados para imparti-las seguintes ensinanzas:

- a) Centros de educación preescolar: educación infantil de segundo ciclo.
- b) Centros de educación xeral básica: educación primaria.
- c) Centros de bacharelato: bacharelato na modalidade de humanidades e ciencias sociais, así como na de ciencias da natureza e da saúde.
- d) Centros de formación profesional: ciclos formativos de grao medio.

3. Os centros privados que impartan ensinanzas segundo o disposto no apartado anterior ateranse, en canto ó número de unidades, ós termos da súa autorización.

4. Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores, os centros docentes privados serán autorizados tamén para impartir outros ciclos, niveis, etapas, graos e modalidades nos termos establecidos no artigo 23 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, modificado pola disposición adicional sexta desta lei.

Novena.- *Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

Décima.-1. Os funcionarios que impartan as ensinanzas de réxime xeral pertencerán ós seguintes corpos docentes:

- Corpo de Mestres.
- Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria.
- Corpo de Profesores Técnicos de Formación Profesional.

O corpo de Mestres desempeñará as súas funcións na educación infantil e primaria. O corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria desenvolverá as súas funcións na educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional. O Corpo de Profesores Técnicos de Formación Profesional desempeñará as súas funcións na formación profesional específica, e nas condicións que se establezan, na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato.

2. *Derogado por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

3. Intégranse no corpo de Mestres os funcionarios pertencentes ó corpo de Profesores de Educación Xeral Básica. Así mesmo, integraranse neste corpo, nas condicións que o Goberno estableza regulamentariamente, os funcionarios do corpo de Profesores de Educación Xeral Básica de Institucións Penitenciarias.
  4. Intégranse no corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria os funcionarios pertencentes ós Corpos de Catedráticos Numerarios e Profesores Agregados de Bacharelato e Profesores Numerarios de Escolas de Mestría Industrial.
  5. Recoñécese adquirida a condición de Catedrático de Ensinanza Secundaria ós funcionarios pertencentes ó Corpo de Catedráticos Numerarios de Bacharelato, calquera que sexa a súa situación administrativa, respectándose en todo caso os dereitos económicos que viñeran disfrutando. Para tódolos efectos, a antigüidade na condición de catedrático, con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, será a que se corresponda cos servicios efectivamente prestados no Corpo de Catedráticos.
  6. Intégranse no Corpo de Profesores Técnicos de Formación Profesional os funcionarios do Corpo de Mestres de Taller de Escolas de Mestría Industrial.
  7. Os corpos e escalas declarados a extinguir por normas anteriores a esta Lei rexeranse polo establecido nas ditas disposicións, séndolles de aplicación o sinalado para os efectos de mobilidade na disposición adicional décimo sexta.
  8. O Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, determinará as especialidades ás que deban ser adscritos os profesores ós que se refire esta disposición como consecuencia das integracións previstas nela e das necesidades derivadas da nova ordenación académica, que incluírán as áreas e materias que deberán impartir, sen prexuízo do disposto no artigo 16, tendo en conta as especialidades das que os profesores sexan titulares. Ata tanto se produza tal determinación, os procesos selectivos e concursos de traslados acomodaranse ás actuais especialidades.
  9. A ordenación dos funcionarios nos novos corpos creados nesta disposición farase respectando a data do seu nomeamento como funcionario de carreira. No suposto de pertencer a máis dun corpo dos integrados no Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria, entenderase como data de nomeamento a máis antiga.
- Undécima.-1. Para o ingreso no Corpo de Mestres serán requisitos indispensables estar en posesión do título de Mestre e superalo correspondente proceso selectivo.
2. Para o ingreso no corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria será necesario estar en posesión do título de Doutor, Enxeñeiro, Arquitecto, Licenciado ou

equivalente para os efectos de docencia, ademais do título profesional ó que se refire o artigo 24.2. desta lei, e supera-lo correspondente proceso selectivo.

No caso de materias ou áreas de especial relevancia para a formación profesional de base ou específica, o Goberno, de acordo coas Comunidades Autónomas, poderá determinar a equivalencia, para os efectos de docencia, de determinadas titulacións de Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou Diplomado Universitario.

3. Para o ingreso no Corpo de Profesores Técnicos de Formación Profesional será necesario estar en posesión da titulación de Diplomado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico ou equivalente, para os efectos de docencia, amais do título profesional ó que se refire o artigo 24.2 desta Lei, e supera-lo correspondente proceso selectivo.

O Goberno, de acordo coas Comunidades Autónomas, poderá establecer para determinadas áreas ou materias a equivalencia, para os efectos de docencia, doutras titulacións, sempre que estas garantan os coñecementos adecuados. Neste caso poderá esixirse ademais unha experiencia profesional nun campo laboral relacionado coa materia ou área á que se aspire.

Duodécima.-1. O título de Profesor de Educación Xeral Básica considerárase equivalente, para tódolos efectos, ó título de Mestre ó que se refire a presente lei. O título de Mestre de Ensinanza Primaria manterá os efectos que lle outorga a lexislación vixente.

2. O Goberno e as universidades, no ámbito das súas respectivas competencias, aprobarán as directrices xerais e os plans de estudio correspondentes ó título de Mestre, que terá a consideración de diplomado ó que se refire o artigo 30 da Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria. Nas ditas directrices xerais estableceranse as especialidades previstas nesta Lei ou que ó amparo da mesma puideran crearse.

3. As Administracións educativas, no marco do establecido na Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria, impulsará a creación de centros superiores de formación do profesorado nos que se impartan os estudos conducentes á obtención dos distintos títulos profesionais establecidos en relación coas actividades educativas, así como as actuacións de formación permanente do profesorado que se determinen.

Así mesmo os ditos centros poderán organiza-los estudos correspondentes a aquelas novas titulacións de carácter pedagóxico que o desenvolvemento da presente lei aconselle crear.

Décimo terceira.-1. A incorporación dos especialistas previstos no artigo 16 da presente Lei realizarase progresivamente ó longo do período establecido para a aplicación da mesma no correspondente nivel educativo.

2. As Administracións educativas garantirán, naqueles centros que, polo seu número de unidades, non poidan dispoñer dos especialistas ós que se refire o apartado anterior, os apoios necesarios para asegura-la calidade das correspondentes ensinanzas.

Décimo cuarta.-1. Os funcionarios que impartan as ensinanzas de música e artes escénicas pertencerán ós seguintes corpos docentes:

a) Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas, que impartirán, de acordo coas súas especialidades, as ensinanzas correspondentes ós graos elemental e medio de música e danza, as correspondentes de arte dramática e, excepcionalmente, aquelas materias de grao superior de música e danza que se determinen.

b) Corpo de Catedráticos de Música e Artes Escénicas, que impartirán, de acordo coas súas especialidades, as ensinanzas correspondentes ó grao superior de música e danza e as de arte dramática.

Os funcionarios pertencentes ó Corpo de Profesores Auxiliares de Conservatorios de Música, Declamación e Escola Superior de Canto intégranse no Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas.

Os funcionarios pertencentes ós corpos de Profesores Especiais e Catedráticos de Conservatorios de Música, Declamación e Escola Superior de Canto intégranse no Corpo de Catedráticos de Música e Artes Escénicas.

Os funcionarios sinalados neste apartado poderán impartir, nas condicións e polo tempo que se establezan, as ensinanzas de réxime xeral.

2. Os funcionarios que impartan as ensinanzas das artes plásticas e de deseño pertencerán ós seguintes corpos docentes:

a) Corpo de Mestres de Taller de Artes Plásticas e Deseño.

b) Corpo de Profesores de Artes Plásticas e Deseño.

Intégranse no Corpo de Mestres de Taller de Artes Plásticas e Deseño os funcionarios pertencentes ós corpos de Axudantes e Mestres de Taller das Escolas de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos.

Os funcionarios pertencentes ó Corpo de Profesores de Artes Plásticas e Deseño poderán adquiri-la condición de Catedráticos de Artes Plásticas e Deseño nos termos establecidos na disposición adicional décimo quinta.

Recoñécese adquirida a dita condición ós funcionarios pertencentes ó Corpo de Profesores de Término das Escolas de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos, calquera que sexa a súa situación administrativa, respectándose en todo caso os dereitos económicos que viñeran disfrutando. Para tódolos efectos, a antigüidade na condición de catedrático con anterioridade á entrada en vigor desta Lei será a que se corresponda cos servicios efectivamente prestados no Corpo de Profesores de Término.

Os funcionarios docentes sinalados neste apartado poderán tamén impartir ensinanzas de réxime xeral nas condicións e polo tempo que se determinen.

3. Os funcionarios que impartan as ensinanzas de idiomas nas Escolas Oficiais pertencerán ó Corpo de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas.

Intégranse no Corpo de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas os funcionarios pertencentes ós corpos de Profesores Numerarios Agregados e Catedráticos Numerarios de Escolas Oficiais de Idiomas.

Os funcionarios pertencentes ó Corpo de Profesores de Escolas Oficiais de idiomas poderán adquirirla condición de catedráticos de Escolas Oficiais de idiomas nos termos establecidos na disposición adicional décimo sexta. (*Sen efecto pola Disposición final terceira da Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación*).

Sen prexuízo das atribucións que cada corpo ten establecidas e dos sistemas de mobilidade específicos de cada un deles, os funcionarios docentes ós que se refire este apartado e os pertencentes ó Corpo de Profesores de Educación Secundaria poderán impartir ensinanzas de idiomas, indistintamente, nas Escolas Oficiais de Idiomas ou nos centros que impartan educación secundaria ou formación profesional específica, nas condicións que as Administracións educativas establezan.

Recoñécese adquirida a dita condición ós funcionarios pertencentes ó corpo de Catedráticos de Escolas Oficiais de Idiomas, calquera que sexa a súa situación administrativa, respectándose en todo caso os dereitos económicos que viñeran disfrutando. Para tódolos efectos, a antigüidade na condición de catedrático, con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, será a que corresponda cos servicios efectivamente prestados no corpo de Catedráticos.

4. O Goberno, logo da consulta ás Comunidades Autónomas, determinará as especialidades ás que deban ser adscritos os profesores ós que se refire esta disposición como consecuencia das integracións previstas nela e das necesidades

derivadas da nova ordenación académica, que incluírán as áreas e materias que deberán impartir, sen prexuízo do disposto no artigo 16, tendo en conta as especialidades das que os profesores sexan titulares. Ata tanto se produza tal determinación, os procesos selectivos e concursos de traslados acomodaranse ás actuais especialidades.

5. A ordenación dos funcionarios nos novos corpos creados nesta disposición farase respectando a data do seu nomeamento como funcionario de carreira. No suposto de pertencer a máis dun corpo dos integrados nalgún dos que esta disposición crea, entenderase como data de nomeamento a máis antiga.

Décimo quinta.-

1. Para o ingreso no corpo de Profesores de Música e de Artes Escénicas será necesario estar en posesión do título de Doutor, Enxeñeiro, Arquitecto, Licenciado ou equivalente, para os efectos de docencia, ademais de ter cursado as materias pedagóxicas que se establecen nos artigos 39.3 desta Lei ou 43.1, segundo corresponda.

2. Para o ingreso no corpo de Mestres de Taller de Artes Plásticas e Deseño será necesario estar en posesión da titulación de Diplomado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico ou equivalente, para os efectos de docencia, e supera-lo correspondente proceso selectivo.

Para determinadas áreas ou materias, o Goberno, de acordo coas Comunidades Autónomas, poderá determina-la equivalencia, para os efectos de docencia, doutras titulacións, sempre que as mesmas garantan os coñecementos adecuados. Neste caso poderá esixirse ademais unha experiencia profesional nun campo laboral relacionado coa materia ou área á que se aspire.

3. Para o ingreso no Corpo de Profesores de Artes Plásticas e Deseño serán requisitos indispensables, estar en posesión do título de Doutor, Licenciado, Arquitecto, Enxeñeiro ou equivalente, para os efectos de docencia, e supera-lo correspondente proceso selectivo.

No caso de materias de especial relevancia para a formación específica artístico-plástica e de deseño, o Goberno, de acordo coas Comunidades Autónomas, poderá determina-la equivalencia, para os efectos de docencia, de determinadas titulacións de Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou Diplomado Universitario.

4. Para o ingreso no corpo de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas serán requisitos necesarios estar en posesión do título de Doutor, Licenciado, Arquitecto,

Enxeñeiro ou equivalente, para os efectos de docencia, e supera-lo correspondente proceso selectivo.

5. Para o acceso ó Corpo de Catedráticos de Música e Artes Escénicas estarase ó sinalado no apartado cuarto da disposición adicional décimo sexta sobre mobilidade do profesorado.

6. As Administracións competentes poderán contratar profesores especialistas para as ensinanzas artísticas nas condicións reguladas no artigo 33.2 desta Lei.

7. No caso das ensinanzas de réxime especial poderanse contratar, con carácter eventual ou permanente, especialistas de nacionalidade estranxeira, nas condicións reguladas no artigo 33.2 desta Lei. No caso de que a dita contratación se realice con carácter permanente, someterase ó Dereito laboral. Igualmente, para as ensinanzas artísticas de carácter superior o Goberno establecerá a figura de profesor emérito.

Décimo sexta.- *Derrogada po Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro.*

Décimo sétima.-1. A conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios destinados a centros de educación infantil de segundo ciclo, primario ou especial, dependentes das Administracións educativas, corresponderán ó municipio respectivo. Non obstante, os ditos edificios non poderán destinarse a outros servicios ou finalidades sen autorización previa da Administración educativa correspondente.

2. Cando o Estado ou as Comunidades Autónomas deban afectar, por necesidades de escolarización, edificios escolares de propiedade municipal nos que se achen situados centros de educación preescolar, educación xeral básica ou educación especial dependentes das Administracións educativas, para impartir educación secundaria ou formación profesional, asumirán, respecto dos mencionados centros, os gastos que os municipios viñeran sufragando de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo da titularidade demanial que poidan ostenta-los municipios respectivos.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación respecto ós edificios escolares de propiedade municipal nos que se imparta, ademais da educación infantil e primaria ou educación especial, o primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria.

3. Os municipios cooperarán coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes.

4. As cesións de solo previstas no artigo 83.3 da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana para centros de educación xeral básica entenderanse referidas á ensinanza básica recollida no artigo 5 da presente Lei.

5. As Administracións educativas poderán establecer convenios de colaboración coas Corporacións locais para as ensinanzas de réxime especial. Os ditos convenios poderán contemplar unha colaboración específica en escolas de música e danza nas que os estudos non conduzan á obtención de títulos con validez académica.

6. As Administracións educativas establecerán o procedemento para o uso dos centros docentes que delas dependan, por parte das autoridades municipais, fóra do horario lectivo, para actividades educativas, culturais, deportivas ou outras de carácter social. O dito uso quedará unicamente suxeito ás necesidades derivadas da programación das actividades dos ditos centros.

Décimo oitava.- O goberno aprobará un Plan Nacional de Prospección de necesidades do mercado de traballo, no que se incluírán un Programa de Cualificación de demandantes de emprego, que verificará a capacidade profesional dos cidadáns, e un Observatorio Permanente da evolución das ocupacións, que permitirá coñecer as necesidades cualitativas e cuantitativas de formación. Na elaboración e execución do citado Plan Nacional colaborarán as Administracións educativa e laboral.

Décimo novena.- As ensinanzas especializadas de turismo continuarán rexéndose polas súas normas específicas.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.- Os centros que actualmente atenden a nenos menores de seis anos e que non estean autorizados como centros de educación preescolar disporán, para adaptarse ós requisitos mínimos que se establezan para os centros de educación infantil, do prazo que na fixación dos mesmos se determine.

2. Se prexuízo do disposto no apartado anterior, os centros privados de educación preescolar que non teñan autorización ou clasificación definitiva poderán obtela con suxeición ás normas específicas anteriores a esta Lei ata a aprobación dos requisitos mínimos correspondentes ós centros de educación infantil.

3. Os centros privados de educación xeral básica ou educación especial, que non teñan autorización ou clasificación definitiva, disporán dun prazo de cinco anos para realiza-las adaptacións necesarias e obtelas con suxeición ás normas específicas anteriores a esta Lei ou para adecuarse ós requisitos mínimos que se establezan para

os centros de educación primaria, segundo que as adaptacións pertinentes se realicen antes ou despois da entrada en vigor do regulamento que aprrobe os ditos requisitos mínimos.

4. Os centros privados de bacharelato ou formación profesional de segundo grao, clasificados actualmente como libres ou habilitados, disporán dun prazo de cinco anos para realiza-las adaptacións que lles permitan obte-la condición de homologados con suxeición ás normas vixentes con anterioridade a esta Lei ou para adecuarse ós requisitos mínimos que se establezan para os respectivos centros, segundo que as adaptacións pertinentes se realicen antes ou despois da entrada en vigor do Regulamento que aprrobe os ditos requisitos mínimos.

5. Os centros privados ós que se refiren os apartados segundo, terceiro e cuarto da presente disposición transitoria poderán impartir, durante os respectivos prazos, exclusivamente os actuais niveis ou graos educativos ata a súa extinción e as ensinanzas indicadas na disposición adicional oitava, dous, para os centros autorizados correspondentes.

6. Transcorridos os prazos establecidos nesta disposición transitoria, os centros ós que se refire a mesma, que non realizaran as adaptacións pertinentes, deixarán de ostenta-la condición de centros autorizados para impartir ensinanzas das comprendidas nesta Lei.

Segunda.-1. Durante o prazo establecido polo Goberno de acordo coas Comunidades Autónomas e nas condicións fixadas por aquel, os centros privados autorizados ós que se refire o apartado 1 da disposición adicional oitava poderán impartir excepcionalmente, e por necesidades de escolarización, as ensinanzas seguintes:

a) Centros de educación xeral básica: primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria.

b) Centros de formación profesional de primeiro grao: segundo ciclo de educación secundaria obrigatoria.

2. A autorización que no seu caso se outorgue ós centros privados para impartir-las ensinanzas referidas no apartado anterior, terá carácter provisional e outorgarase a instancia de parte. Na dita autorización constarán as ensinanzas que poida impartir-lo centro e o número de unidades ou postos escolares correspondentes, que en modo algún será superior ó actualmente autorizado.

Terceira.-1. No momento da implantación do primeiro ano da educación secundaria obrigatoria, os concertos educativos vixentes dos actuais centros privados de

educación xeral básica modificaranse automaticamente para abarcar exclusivamente a educación primaria con diminución do número de unidades correspondentes.

2. Os centros privados concertados de educación xeral básica que no momento da implantación do primeiro ano da educación secundaria obrigatoria tiveran autorización para impartir-los dous ciclos da citada etapa, subscribirán concerto nas condicións previstas na lexislación vixente para a ensinanza secundaria obrigatoria. O concerto suscrito entrará en vigor segundo o calendario aprobado para a implantación da etapa educativa á que se refire este apartado.

3. Os centros privados concertados de educación xeral básica que, segundo o disposto na disposición transitoria segunda desta lei, foran autorizados temporalmente para impartir-lo primeiro ciclo da ensinanza secundaria obrigatoria, subscribirán concerto para o ciclo autorizado. O concerto terá unha duración dun ano prorrogable por idéntico período, mentres se manteña a autorización obtida.

4. Os centros privados concertados de formación profesional de primeiro grao que, no momento da implantación do terceiro ano da educación secundaria obrigatoria, estiveran autorizados temporalmente, segundo o disposto na disposición transitoria segunda desta lei, para impartir-lo segundo ciclo desta etapa, subscribirán un concerto para as ensinanzas autorizadas que substituirá progresivamente ó concerto vixente. O novo concerto terá unha duración inicial de dous anos prorrogables ano a ano, sempre que se manteña a autorización obtida.

5. Os centros privados de formación profesional de segundo grao que, no momento da implantación do novo bacharelato, estiveran autorizados para impartir esta etapa educativa, poderán modifica-lo concerto singular vixente para aplicalo ás unidades de bacharelato en función do calendario das novas ensinanzas.

6. Os actuais concertos para o primeiro ou segundo grao da actual formación profesional transformaranse en convenios para o sostemento dos ciclos formativos de grao medio e grao superior, en función do calendario de implantación das novas ensinanzas. Os ditos convenios estableceranse polas correspondentes Administracións educativas de conformidade co establecido no Título IV da Lei Orgánica Reguladora do Dereito á Educación e de acordo coas características que nesta Lei se prevén para o profesorado de formación profesional.

7. Os actuais centros de bacharelato procedentes de antigas seccións filiais ateranse, no que a concertos educativos se refire, ó establecido nos apartados catro e cinco desta disposición. Con esta finalidade poderán ser autorizados nas condicións referidas no apartado 1,b), da disposición transitoria segunda, para impartir-lo segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria.

8. Os centros privados ós que se refiren os apartados catro, cinco, seis e sete desta disposición non poderán subscribir concertos, ou se é o caso, convenios nos tramos educativos sinalados nos ditos apartados, que no seu conxunto supoñan un número de unidades superior ó que cada centro tivera concertado no momento da entrada en vigor desta lei, salvo que o soliciten para as ensinanzas obrigatorias, caso no que se estará ó disposto no réxime xeral de concertos.

9. Os centros privados de educación especial actualmente concertados adaptarán o concerto suscrito á nova ordenación do sistema educativo prevista na presente lei, nas condicións que se establezan.

Cuarta.-1. Os actuais profesores de educación xeral básica integrados nesta lei no corpo de Mestres, que pasen a prestar servizo no primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poderán continuar no dito ciclo indefinidamente. No suposto de que estes accederan ó corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria conforme ó previsto na disposición adicional décimo sexta, poderán permanecer no seu mesmo destino nos termos que se establezan.

2. Durante os primeiros dez anos de vixencia da presente Lei, as vacantes de primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria continuarán ofrecéndose ós funcionarios do corpo de Mestres cos requisitos de especialización que se establezan.

3. Finalizado o prazo ó que se refire o apartado anterior, os funcionarios do corpo de Mestres que estean impartindo o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria poderán continuar trasladándose ás prazas vacantes dos niveis de educación infantil e educación primaria. Para permiti-la mobilidade destes profesores no primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria, así como o exercicio da docencia neste ciclo polos actuais profesores de educación xeral básica e por aqueles que accedan ó corpo de Mestres en virtude do establecido no apartado 4 desta disposición, reservárase unha porcentaxe suficiente das vacantes que se produzan neste ciclo.

4. Ata 1996, as vacantes resultantes do concurso de traslados no primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria incluíranse na oferta de emprego público para o ingreso no corpo de Mestres.

Quinta.-1. Excepcionalmente, a primeira convocatoria que se celebra para adquiri-la condición de catedrático realizarase por concurso de méritos entre os funcionarios docentes dos correspondentes corpos que reúnan os requisitos xerais establecidos na disposición adicional décimo sexta desta Lei.

2. As tres primeiras convocatorias de ingreso na función pública docente, que se produzan despois da entrada en vigor da presente lei, realizaranse conforme a un

sistema de selección no que se valoren os coñecementos sobre os contidos curriculares que deberán impartirlos candidatos seleccionados e o seu dominio dos recursos didácticos e pedagóxicos, así como os méritos académicos. Entre estes terán unha valoración preferente os servicios prestados na ensinanza pública. Para a selección dos aspirantes terase en conta a valoración ponderada e global de ambos apartados.

3. Poderán presentarse ás tres primeiras convocatorias de ingreso no corpo de Mestres os que, carecendo da titulación específica esixida pola presente lei, desempeñen á entrada en vigor da mesma tarefas docentes como funcionarios de emprego interino do corpo de Profesores de E.X.B. ou realicen funcións de logopeda, como persoal contratado en réxime laboral, en centros de EXB, de conformidade cos requisitos esixidos pola normativa anterior. Igualmente, durante o mesmo prazo, poderán presentarse ás convocatorias para o ingreso no resto dos corpos creados por esta lei, os que carecendo da titulación que con carácter xeral se establece para o ingreso nos mesmos, e independentemente das equivalencias que o Goberno determine, tiveran prestado servicios como funcionarios interinos durante un tempo mínimo de tres cursos académicos, e continúen prestándoos á entrada en vigor desta lei nos correspondentes corpos integrados naqueles nos que aspiren a ingresar.

Sexta.-1. O persoal docente ó servicio dos centros que, de acordo cos procesos previstos na Lei 14/1983, do 14 de xullo, do Parlamento de Cataluña e na Lei 10/1988, do 29 de xuño, do Parlamento Basco, se integre ou se integrara na rede de centros públicos dependentes das respectivas Administracións educativas, poderá ingresar na Función pública docente mediante probas selectivas específicas convocadas polas Administracións educativas competentes, previa regulación dos seus respectivos Parlamentos.

2. O persoal que ó amparo do previsto no apartado anterior adquira a condición de funcionario docente seranlle recoñecidos a totalidade dos servicios prestados no centro docente integrado na rede pública.

3. Os procedementos de ingreso referidos nesta disposición só serán de aplicación durante un prazo de tres anos a partir da entrada en vigor da presente lei.

Sétima.- Ata tanto se implanten as ensinanzas previstas na presente lei, os corpos docentes creados na mesma continuarán impartindo as que na actualidade corresponden a cada un dos corpos que neles se integran.

Oitava.- O establecido na presente Lei respecto dos requisitos de titulación para o impartición dos distintos niveis educativos non afectará ó profesorado que estea

prestando os seus servicios en centros docentes privados en virtude do disposto na lexislación actual en relación coas prazas que se atopan ocupando.

A partir da entrada en vigor da presente Lei as prazas vacantes cubriranse con profesores que reúnan os requisitos establecidos. Non obstante, ata o ano 1997, as vacantes do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria poderán seguir sendo ocupadas por mestres.

Novena.-1. Os funcionarios dos corpos docentes ós que fan referencia as disposicións adicionais décima 1 e décimo cuarta 1,2 e 3 da presente lei, incluídos no ámbito de aplicación do Réxime de Clases Pasivas do Estado, poderán optar a un réxime de xubilación voluntaria durante o período comprendido entre os anos 1991 e 1996, ámbolos dous inclusive, sempre que reúnan todos e cada un dos requisitos seguintes:

- a) Estar en activo o 1 de xaneiro de 1990 e permanecer ininterrompidamente na dita situación, e desde a dita data, en postos pertencentes ós correspondentes cadros de persoal de centros docentes.
- b) Ter cumpridos sesenta anos de idade.
- c) Ter acreditados quince anos de servicios efectivos ó Estado.

Os requisitos de idade e período de carencia esixidos no parágrafo anterior deberán terse cumprido na data do feito causante da pensión de xubilación, que será para este efecto o 31 de agosto do ano en que se solicite.

A tal fin deberá formularse a solicitude, ante o órgano de xubilación correspondente, dentro dos dous primeiros meses do ano en que se pretenda acceder á xubilación voluntaria.

Igualmente, con carácter excepcional, poderán optar ó dito réxime de xubilación os funcionarios dos corpos de Inspectores ó servicio da Administración Educativa e de Directores Escolares de ensinanza primaria, a extinguir, así como os funcionarios docentes adscritos á función inspectora ós que se refire a disposición adicional décimo quinta da lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, sempre que en tódolos casos reúnan os requisitos anteriores, salvo no que se refire á adscrición a postos pertencentes ós cadros de persoal dos centros docentes.

2. A contía da pensión de xubilación será a que resulte de aplicar, ós haberes reguladores que en cada caso procedan, a porcentaxe de cálculo correspondente á suma dos anos de servicios efectivos prestado ó Estado que, de acordo coa lexislación de Clases Pasivas, teña acreditados o funcionario ó momento da

xubilación voluntaria e do período de tempo que lle falta ata o cumprimento da idade de sesenta e cinco anos.

O dito período de tempo terase en conta para os efectos da aplicación da disposición adicional décimo novena da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para 1988, sen que en ningún caso o abono especial que resulte da expresada disposición acumulado ó período de tempo citado poida supera-los cinco anos.

O disposto nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido, en cada momento, en materia de límite máximo de percepción de pensións públicas.

3. Dado o carácter voluntario da xubilación regulada nesta disposición transitoria, non será de aplicación á mesma o establecido na disposición transitoria primeira do vixente Texto Refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado.

4. Os funcionarios que se xubilen voluntariamente de acordo co disposto na presente norma, que teñan acreditados ó momento da xubilación polo menos vinteoito anos de servicios efectivos ó Estado, poderán percibir, por unha soa vez, conxuntamente coa súa última mensualidade de activo, unha gratificación extraordinaria no importe e condicións que estableza o Goberno a proposta do Ministro de Economía e Facenda, por iniciativa do Ministro de Educación e Ciencia, atendendo á idade do funcionario, ós anos de servicios prestados e ás retribucións complementarias establecidas con carácter xeral para o corpo de pertenza. A contía de gratificación extraordinaria non poderá, en ningún caso, ser superior a un importe equivalente a 25 mensuralidades do salario mínimo interprofesional.

5. Os funcionarios dos Corpos docentes ós que se refire esta norma, acollidos a réximes de seguridade social ou de previsión distintos do de Clases Pasivas, poderán igualmente percibir as gratificacións extraordinarias que se establezan, de acordo co previsto no número 4 desta disposición transitoria, sempre que causen baixa definitiva na súa prestación de servicios ó Estado, por xubilación voluntaria ou por renuncia á súa condición de funcionario, e reúnan os requisitos esixidos nos números 1 e 4 da mesma, excepto o de pertenza ó Réxime de Clases Pasivas do Estado. Neste suposto a contía da gratificación extraordinaria non poderá, en ningún caso, ser superior a un importe equivalente a 50 mensuralidades do salario mínimo interprofesional.

A xubilación ou renuncia dos funcionarios ós que se refire o parágrafo anterior non implicará modificación algunha nas normas que lles sexan de aplicación, para os efectos de prestacións, conforme ó réxime no que estean comprendidos.

6. Facúltase á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda para dicta-las instrucións que, en relación coas pensións de Clases Pasivas puideran ser necesarias a fin de executa-lo disposto na presente norma.

## DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.1. A presente Lei dictase ó amparo dos apartados 1, 18 e 30 do artigo 149.1 da Constitución Española.

2. As Comunidades Autónomas que teñan recoñecida competencia para iso nos seus respectivos Estatutos de Autonomía ou, se é o caso, nas correspondentes leis orgánicas de transferencias de competencias, poderán desenvolver-la presente lei. Exceptúanse, non obstante, aquelas materias nas que na regulación encomenda esta lei ó Goberno ou que, pola súa propia natureza, corresponden ó Estado, conforme ás previsións contidas na disposición adicional primeira da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.

Segunda.- Tódalas referencias contidas na presente lei ás Comunidades Autónomas ou ás Administracións educativas entenderanse referidas a aquelas que se atopen no pleno exercicio das súas competencias educativas.

Terceira.- Teñen o carácter de lei orgánica os preceptos que se conteñen nos Títulos Preliminar e Quinto; os artigos 12, 13, 14, 17, 18, 19, 20, 23, 29.2 e 58.4; as disposicións adicionais cuarta, quinta, sexta e duodécima; a disposición transitoria terceira e a disposición final cuarta da presente Lei, así como eta disposición final terceira.

Cuarta.-1. Quedan derogados:

Os preceptos da Lei 14/1970, do 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa, non derogados total ou parcialmente pola Lei Orgánica 5/1980, do 19 de xuño, pola que se regula o Estatuto de Centros Escolares, así como pola Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria, e pola Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, excepto os seguintes artigos: 10,11.3,137, en canto non foran modificados por normas posteriores e non se opoñan á presente Lei.

A Lei do 20 de decembro de 1952, de cadros de persoal do Profesorado de Escolas de Artes e Oficios Artísticos.

A Lei do 15 de xullo de 1954, sobre medidas de protección xurídica e facilidades crediticias para a construción de novos edificios con destino a centros da ensinanza.

A Lei do 16 de decembro de 1954, pola que se crea a praza de Inspector Central de Escolas de Artes e Oficios Artísticos.

A Lei 32/1974, do 18 de novembro, pola que se modifican os cadros e denominacións do persoal docente dos Conservatorios de Música e Declamación.

A Lei 9/1976, do 8 de abril, de fixación de cadros de persoal dos corpos de Catedráticos Numerarios e Profesores Agregados de Bacharelato.

Os artigos 3º, parágrafo 1º e 5º, 1 e 2; e as disposicións adicionais 1ª e 2ª da Lei 29/1981, do 24 de xuño, de clasificación das Escolas Oficiais de idiomas e ampliación dos cadros de persoal do seu profesorado.

O contido dos catro guións do parágrafo 2º do apartado 2 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, segundo a redacción dada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, en canto se opoña á presente Lei.

O artigo 39.7 da Lei 37/1988, do 8 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para 1989, en canto se opoña á presente lei.

2. Quedan, así mesmo, derogadas cantas outras normas de igual ou inferior rango se opoñan á presente Lei.

3. Quedan modificados en canto se opoñan á presente lei os artigos corenta, corenta e un punto un f) e corenta e catro da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.

4. Continuarán en vigor como normas de carácter regulamentario a lei 30/1974, do 24 de xullo, sobre probas de aptitude para o acceso a Facultades, Escolas Técnicas Superiores, Colexios Universitarios e Escolas Universitarias, e a Lei 19/1979, do 3 de outubro, pola que se regula o coñecemento do ordenamento constitucional en bacharelato e formación profesional de primeiro grao.

5. Continuarán así mesmo en vigor, como normas de carácter regulamentario, aquelas outras disposicións que, calquera que fose o seu rango, regulen materias obxecto da presente lei e non se opoñan á mesma, excepción feita da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo reguladora do Dereito á Educación e da lei 12/1987, do 2 de xullo, sobre o establecemento da gratuidade dos estudos de bacharelato, formación profesional e artes aplicadas e oficios artísticos nos centros públicos e a autonomía de xestión

económica dos centros docentes públicos non universitarios, que continuarán en vigor coas modificacións derivadas da presente Lei.

6. As normas regulamentarias ás que se refiren os dous apartados anteriores quedarán derogadas unha vez entren en vigor as disposicións que se dicten en desenvolvemento da presente Lei.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que garden e fagan gardar esta Lei Orgánica.

Madrid, 3 de outubro de 1990  
JUAN CARLOS R.

O Presidente do Goberno  
FELIPE GONZÁLEZ MÁRQUEZ

Notas:

Disposición adicional primeira (primeiro inciso):

Redacción segundo lei 24/2001, de 27 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social.

Título III; Capítulos PRIMERO, II, III e V del título I, e II do Título II; Artigos 3, 4, 5, 6, 31 (apdos. 1 e 2), 32, 39 (apdo. 3), 55, 57, 58, 62 e 66; Disposicións adicionais segunda, adicional novena, adicional décima (apdo. 2) e adicional décimo sexta:

Derrogados por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación.

Artigos 41 (apdo. 2), 43 (apdo. 1), 47 e 48 (apdo. 3):

Redacción segundo Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación.

Artigo 2 (apdo. 3.1):

Engadido por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación.

Quedan sen efecto tódalas referencias relativas á condición de catedrático incluídas nesta Lei por Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación.